

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal. Coñecemento do contorno. Linguaxes: comunicación e representación.	Pág.	1/3
Curso / Ciclo	6º de Educación Infantil.		
Profesor/a	Isabel Amparo Vaquero Sánchez.		

COMPETENCIAS CLAVE

O neno ten que ser capaz de actuar de modo eficaz nun contexto. Xúntanse tres formas de saber: *Saber teórico* (coñecementos), *saber práctico* (habilidades e destrezas) e *saber ser* (actitudes). Competente é quen “sabe” e “pode”. Son as seguintes:

- **Competencia en comunicación lingüística.**
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**
- **Tratamento da información e Competencia dixital.**
- **Competencias sociais e cívicas.**
- **Conciencia e expresión culturais.**
- **Competencia para aprender a aprender.**
- **Sentido de iniciativa, espírito emprendedor e autonomía.**

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES

Non existe unha única intelixencia xeral senón un conxunto de intelixencias, estas poden modificarse si se proporcionan os estímulos adecuados. Son as seguintes:

- **Intelixencia lingüístico-verbal:** refírese a capacidade para utilizar a linguaxe.
- **Intelixencia lóxico-matemática:** refírese a capacidade para utilizar os números de xeito efectivo e razoar adecuadamente.
- **Intelixencia espacial:** refírese a capacidade para visualizar imaxes mentalmente.
- **Intelixencia corporal-cinestésica:** é a capacidade de utilizar o corpo para expresar ideas e sentimentos.
- **Intelixencia musical:** é a capacidade par discriminar as formas musicais, sentir o ritmo, o ton, a melodía, o timbre,...
- **Intelixencia interpersoal:** é a capacidade para entenderse sos demais e relacionarse con eles.
- **Intelixencia intrapersoal:** é a habilidade para coñecerse a si mesmo e organizar e dirixir a propia vida.
- **Intelixencia naturalista:** refírese á capacidade para observar e percibir as relacións entre as especies e grupos de obxectos.

OBXECTIVOS

- Identificarse a “un mesmo” en relación cos outros e desenvolverse autonomamente no medio.
- Recoñecerse como autor das súas propias condutas.
- Empezar a coñecer súas posibilidade e limitacións aprendendo a esforzarse e a superarse.
- Progresar na coordinación visomanual necesaria para manexar e explorar obxectos
- Coñecer e valorar as accións de todas as persoas ó funcionamento da sociedade

superando estereotipos relacionados co roles de xénero.

- Coñecer outros pobos, razas e culturas do mundo actual e doutros tempos.
- Tomar en consideración a opinión e os sentimentos dos demais.
- Ter unha actitude positiva para coidar e compartir os xoguetes e obxectos coas outras persoas.
- Describir obxectos, láminas, carteis, fotografías...
- Seguir a orde cronolóxica na narración dunha historia ou conto e ordenar as secuencias das escenas significativas da mesma.
- Iniciaciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura así como nos distintos tipos de escritura.
- Utilizar algúns números e cuantificadores na resolución de problemas da vida cotiá.
- Iniciarse na adquisición de habilidades para seleccionar e utilizar distintas ferramentas tecnolóxicas.

CONTIDOS

- Partes e características do corpo. Os sentidos, características e funcións. Osos, músculos e órganos internos.
- Hábitos de hixiene e alimentación, a súa relación coa saúde.
- A escola: dependencias e obxectos.
- As estacións e os meses do ano. Tempo e roupa característica.
- Festas e tradicións: O magosto, Samaín, Nadal, Entroido, Maíos...
- A rúa e seguridade vial. Os servizos públicos.
- A familia: os seus membros e as actividades cotiás.
- A vivenda. Outras civilizacións e culturas.
- O lume, o aire, a terra, o mar e a auga.
- Os animais e as plantas, ciclo vital e utilidade.
- Os alimentos e alimentación audable.
- El reciclado.
- Transportes por terra, mar e aire.
- O universo e o espazo, fases da lúa e os satélites.
- Os oficios e profesións.
- Vocabulario. Contos, adiviñas, trabalinguas, rimas e poesías.
- As cores básicos, mesturas e iniciación a graduación.
- Pintura. Estampado. Punteado. Recorte. Doblado. Rasgado. Picado. Pegado. Plegado. Cosido. Enrugado.
- Formas planas e corpos xeométricos: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo, óvalo, esfera e cubo.
- Conceptos espaciais, temporais, de cantidade..., N^os cardinais e ordinais ata 10.
- Series, clasificacións e resolucións de problemas.

METODOLOXÍA

- Atender as diferenzas individuais dos nenos/as, ter en conta o seu nivel de desenvolvemento e os coñecementos previos.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas, o neno/a ten que relacionar o que xa sabe co que vai a aprender.
- Principio de globalización na percepción do neno/na.
- Cultivar a memoria comprensiva.
- A actividade infantil, aprender facendo, nun proceso que require observación,

manipulación, experimentación e reflexión.

- O xogo como actividade propia, motivadora, reflexiva e non simplemente manipulativa, estimuladora dos procesos internos.
- Traballo colaborador e por proxectos.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos de avaliación:

- *Avaliación inicial:* enquisas de inicio de curso (nenos/as novos). Traballos individuais (formato libre).
- *Avaliación continúa:* mediante observación directa do alumno/a na aula, traballos individuais (formato libre), anotacións na axenda da profesora, boletíns informativos.
- *Avaliación final:* entrevista cos pais e nais. Anotacións axenda profesora. Informe final do alumno/a.

Criterios de avaliación:

Éstes analízanse en **estándares de aprendizaxe** avaliábeis e en **indicadores de logro**.

- Iniciarse no coñecemento e utilización da linguaxe.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas.
- Axudar os seus compañeiros e mostrarse colaborador/a.
- Aprender, reforzar e afianzar contidos a través da linguaxe plástica.
- Desenvolver habilidades a través do corpo.
- Desenvolver o pensamento e o razoamento lóxico para a resolución das actividades e tarefas.
- Utilizar os medios tecnolóxicos para desenvolver as habilidades.